



**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA O INGRESO POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN EN DÚAS PRAZAS PERTENCENTES Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO, INCURSAS NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL).**

**CONVOCATORIA NOVA REALIZACIÓN EXERCICIO PRIMEIRO DA FASE DE OPOSICIÓN-PROBA DE INFORMÁTICA.** Reunido o Tribunal cualificador, o día 13 de novembro de 2024, ás 9,00 horas na sala de reunións do segundo andar do edificio administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, Vigo, acórdase por unanimidade dos seus membros,

**Primeiro.-** Convocar os/as aspirantes admitidos ao proceso de selección, a nova realización do primeiro exercicio de carácter obrigatorio da fase de oposición, proba de informática, que terá lugar o día **25 de novembro de 2024 as 10:30 h** na Aula 5.7 do 5º Andar do Auditorio "Mar de Vigo" sita na rúa Beiramar núm. 57 de Vigo.

**Segundo.-** Ao obxecto de determinar a orde de realización do exercicio, realizarase en acto público un sorteo de letra, con carácter previo ao comenzo da realización do exercicio.

**Terceiro.-** Publicar a convocatoria da realización do novo exercicio na sede electrónica do Concello de Vigo, no taboleiro de edictos e Boletín Oficial da Provincia.

**Cuarto.-** Solicitar ao Servizos Centrais da XMU os medios humanos e materiais necesarios que permitan o correcto desenvolvemento da proba, que a seguir se relacionan e concretamente unha persoa coa categoría de administrativa ou auxiliar administrativa, con experiencia suficiente para colaborar no desenvolvemento das diferentes probas ou exercicios, así como para realizar tarefas de colaboración na tramitación administrativa do expediente.

**Quinto.-** Solicitar o seguinte persoal de Admón. electrónica para a realización do terceiro exercicio, L. I. R (programador informático do Servizo de Administración Electrónica do Concello de Vigo) e D.I.O (programador informático do Servizo de Administración Electrónica da XMU).

Data e sinatura dixital

A Secretaria do Tribunal